

## A D.O. Ribeira Sacra presente en Fenavin do 9 ao 11 de maio

A D.O. Ribeira Sacra participará na **XII Feira Nacional do Viño que se celebrará en Ciudad Real do 9 ao 11 de maio**. A D.O. Ribeira Sacra estará presente no stand da Xunta de Galicia, Pavillón 1, Osiris. Nesta edición do certame estarán presentes, tamén, as seguintes **adegas da D.O. Ribeira Sacra con stand propio**:

- Adegas Saínas
- Dominio do Bibeí SLU
- EDV 2015
- Moure Fernández, Rubén- Finca Cuarta
- Ponte da Boga
- Rectoral de Amandi. Bodegas Gallegas.
- Ronsel do Sil
- Terrazas de Outeiro
- Viñas de Belesar

A D.O. Ribeira Sacra estará representada tamén no **Túnel do Viño de Galicia** que organiza **AGACAL**, Axencia Galega de Calidade Diferenciada, contando coa participación de Adegas Terrae S.L. e Adegas Petrón S.L.

A participación en **Fenavin** supón a presenza da D.O. Ribeira Sacra nunha das citas máis importantes do sector en España coa asistencia de máis de 1.900 adegas e case 20.000 compradores nacionais e internacionais, profesionais do sector vitivinícola, enólogos, sumilleres, adegueiros, xornalistas especializados e medios de comunicación en xeral, así como outros expertos do mundo do viño. Nesta ocasión amplíase a superficie expositiva a 28.000 m<sup>2</sup> para acoller este encontro de viño.